

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL INSTITUTO GALLEGO DEL CONSUMO Y DE LA COMPETENCIA Y LA FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES UNIVERSITARIAS SÉNIOR PARA EL DESARROLLO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN EL PROGRAMA CONSUMO SÉNIOR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este/a INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa **FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES UNIVERSITARIAS SÉNIOR** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 30 de novembro de 2026 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materias da competencia das institucións asinantes, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

PRIMEIRO.- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que o Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividade interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial. Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

TERCEIRO. - Que FEGAUS é unha federación sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que agrupa ás asociacións de alumnos e ex alumnos dos programas de maiores das tres universidades de Galicia, baixo as denominacións de: “Asociación de IV ciclo” (USC: campus de Santiago e Lugo), “Asociación Aulas



de Formación Aberta” (UVIGO: campus de Vigo, Ourense e Pontevedra) e “Asociación de Universidade Sénior” (UDC: campus da Coruña e Ferrol).

CUARTO.- Que segundo o artigo 3 dos Estatutos reguladores de FEGAUS, son fins da federación, entre outros, apoiar e defender un modelo aberto e participativo de formación universitaria de maiores, que aglutine todo tipo de iniciativas públicas, tanto institucionais como populares, dentro dun concepto amplo de ensino 3 pública, caracterizada pola ausencia de ánimo de lucro, a xestión democrática, o pluralismo ideolóxico, a apertura ao contorno social e a calidade pedagóxica. Neste sentido, é unha finalidade de FEGAUS aparecer como interlocutor válido entre as diversas administracións, estatal, autonómica e local, así como #ante as institucións universitarias en todo o referente á formación universitaria das persoas maiores. Así mesmo recóllese como un dos fins específicos de FEGAUS establecer convenios coas administracións públicas ou con calquera tipo de institución ou organismo que contribúa á consecución dos seus fins propios. Ademais, son obxectivos de FEGAUS achegar o coñecemento á cidadanía sénior en todo momento e lugar, combinando as metodoloxías dixitais coas tradicionais de tipo presencial, fomentando a cooperación, a colaboración, o lecer e o coñecemento colaborativo entre todos os participantes. É tamén un obxectivo fomentar a formación e a educación das persoas sénior como consumidores, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante.

QUINTO. - Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas maiores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

